

ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA COMUNIDADE DE MONTES EN MAN COMUN DE ATIOS, CELEBRADA O DIA OITO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL CATORCE (08-11-2014)

Asistencia dos membros da xunta reitora da CMVMC de Atios:

Presidente: Juan José Pereira Pereira

Xunta Rectora:

Santiago Ramilo Rodríguez

David Estévez Martínez

Ramón Giráldez Varela

Juan José Domínguez Pereira

José Manuel Bugarín Giráldez

José Ramón Pérez Solleiro

Juan Manuel López Castiñeira

Pablo Giráldez Mouriño

Jesús Pérez Lago

Carlos Rodríguez Novás

Marcelino Pereira Mouriño

Alfonso Costas Figueroa

Manuel Veiga Maceira

Miguel Maceira Maqueira

Actúa como secretaria: M^a del Carmen Pereira Pereira

Apertura da sesión. Na parroquia de Atios, sendo as vinte horas e cuarenta minutos (20:40) do oito de novembro de dous mil catorce (08/11/2014), reúnese no Salón do Centro Social e Cultural en segunda convocatoria, non facéndoo na primeira por non reunir o quórum esixido polos Estatutos, baixo a Presidencia de Juan José Pereira Pereira e coa asistencia dos demais membros da Xunta Reitora, coa única e exclusiva finalidade de celebrar a Asemblea Xeral Ordinaria para a que previa e regulamentariamente foron convocados de conformidade cos Estatutos da Comunidade.

Asistencia. Concorren á presente os señores membros que legalmente compoñen esta Comunidade e que previamente realizado o reconto de asistencias desglosase como segue:

Número de comuneiros activos ó comezo da Asemblea: **359**

Número de asistencias de comuneiros á Asemblea: **137**

Número de ausencias de comuneiros á Asemblea: **222**

Número de ausencias de comuneiros á Asemblea con xustificación: **23**

Número de altas: **1**

Número de baixas: **9**

Número de comuneiros activos ó remate da Asemblea: **351**

Adxúntase á presente acta a lista de comuneiros.

ORDE DO DÍA.

1. Lectura e aprobación das actas das asembleas anteriores.
2. Aprobación da reivindicatória da parcela do campo de tiro.
3. Informes.
4. Altas e baixas.
5. Rogos e preguntas.

1. LECTURA E APROBACIÓN DAS ACTAS DAS ASEMBLEAS ANTERIORES.

A secretaria procede a lectura en primeiro lugar da acta da asemblea ordinaria celebrada o día 26 de abril do 2014. É sometida a votación e resulta **aprobada por unanimidade**.

En segundo lugar a secretaria da lectura da acta da asemblea extraordinaria celebrada o día 26 de abril de 2014 e da acta da asemblea extraordinaria celebrada o día 01 de xuño de 2014. Rematada a lectura non se producen intervencións. Son sometidas a votación co seguinte resultado: **0 votos en contra, 0 abstencións, quedan aprobadas por unanimidade**.

2. APROBACIÓN DA REIVINDICATORIA DA PARCELA DO CAMPO DE TIRO.

O presidente expón que, como foi explicado xa en asembleas anteriores, o Concello do Porriño fixo acto de disposición deste terreo que sempre consideramos propiedade dos veciños de Atios. Trátase dunha manobra que nunca antes fixera un goberno local e que por suposto a xunta de montes recurriu na vía administrativa. O día do xuízo por desafuzamento soubemos que o Concello iniciou un expediente de cesión desa parcela que, malia estar inscrito como todo o monte de Atios a nome do concello do Porriño, nós sempre o tomamos como de titularidade comunal. En canto a actividade que alí se desenvolve cómpre sinalar que hoxendía carece tanto de licenza municipal como de título de cesión, xa que ambos quedaron en suspenso por decretos do propio alcalde do Porriño.

Agora pretendemos a reivindicatoria da parcela na vía civil para obter, sen lugar a dúbidas e con toda a lexitimidade, a titularidade dese terreo. Xa que logo, sométese á votación o inicio de accións xudiciais tendentes á recuperación da propiedade do terreo actualmente ocupado polo Campo de Tiro, mediante a interposición ante os Xulgados e Tribunais competentes da Orde Civil da correspondente acción reivindicatoria. Obtense o seguinte resultado na votación: **0 votos en contra, 0 abstención, quedando aprobado por unanimidade**.

Dado que dende o pasado 1 de xuño exerce o seu mandato unha nova xunta reitora, o presidente solicita da asemblea, para a antedita acción xudicial e para outras que se tomen no futuro, a aprobación do outorgamento de poder para preitos con facultades xerais e especiais nese ámbito, facultando ao presidente para o outorgamento notarial do mesmo e o sinalamento de procuradores e letrados. **Resulta aprobada pola unanimidade dos asistentes a asemblea**.

4) INFORMES

1) Orzamentos. O presidente informa que este ano non se presentan orzamentos porque estamos xa a finais do exercizo e non hai tempo material para elaboralos nin aplicalos, así que se traballará sobre os orzamentos do ano anterior.

Foron recibidas as habituais peticións de subvención realizadas polos distintos colectivos culturais e deportivos da parroquia e que este ano ascenden os seguintes importes: Asociación Cultural Os Penediños, solicita unha achega de 6.000 euros; o club de fútbol Unión Deportiva Atios, 9.000 euros e a Rondalla solicita colaboración nos gastos de desprazamento.

O presidente expón que é imposible asumir esas solicitudes. O saldo existente é de 106.730,31€, cartos cos que hai que sobrevivir os próximos catro ou cinco anos, ata que os xulgados resolvan sobre a propiedade das canteiras. É xa coñecida a precaria situación económica da comunidade de montes, motivada sobre todo pola ausencia da achega que obtiña do Concello do Porriño. Con todo, propón que os distintos colectivos dirixan esas solicitudes ao Concello para que sexa éste o que asuma as subvencions. Aínda que o convenio se extinguiu a

finais do ano 2007, o espírito dese acordo segue vixente. Os comuneiros deben saber que o Concello do Porriño continúa a recadar unha importante cantidade de diñeiro procedente do arrendamento das canteiras ubicadas en Atios, arredor de catro millóns de euros dende o 2008 ata agora, e é de xustiza que unha parte dese rendimento revirta nos colectivos parroquiais nos veciños de Atios en xeral. No ano 2009, ante unha solicitude semellante, o concello -daquela gobernada polo BNG- sí asumiu o abono desas subvencións. O presidente sinala que presentou unha solicitude de reunión co alcalde o pasado 5 de novembro e aínda non obtivo resposta. Asimesmo ofrécese a elaborar un documento no cal se detallan as solicitudes das distintas asociacións e grupos e que presentará por rexistro no concello.

Aberta a quenda de intervencións sobre este punto, o comuneiro Serafín Dávila propón un plan A, consistente no diálogo co Concello e, se fracasa, un plan B que se traduciría en mobilizacións de todos os colectivos para reclamar esas achegas. Asimesmo suxire que, de cara ás próximas eleccións municipais, se lle esixa aos partidos políticos que se pronuncien sobre que van facer cos montes de Atios. O comuneiro Horacio Oya manifesta o seu apoio á iniciativa e propón que se traballe pola aprobación dun novo convenio.

O presidente respóndelle que a condición que o actual alcalde puxo enriba da mesa para a renovación do convenio é que os veciños de Atios renunciaran a reclamar as canteiras e o resto do monte. Unha condición rexeitada de plano pola xunta reitora xa que entendemos é inasumible pola parroquia. O anterior presidente, Juan José Domínguez, sinala que o Concello sí pode conceder estas axudas xa que o goberno do Porriño no ano 2009, presidido daquela polo BNG, sí deu as subvencións solicitadas polos colectivos de Atios.

A proposta foi sometida á votación e resultou **aprobada por unanimidade**.

2) Reivindicatoria das canteiras. A reclamación en vía xudicial da propiedade dos terreos que ocupan as canteiras foi presentada o 23 de xuño de 2013. Unha vez que a titular do xulgado de primeira instancia e instrución número 3 do Porriño aceptou o chamado litisconsorcio pasivo solicitado polo concello, houbo que ampliar a demanda aos 23 canteiros e empresas que figuran como titulares dos contratos de cesión para a explotación das canteiras. Isto supuxo un custo de 2.400€ en fotocopias porque a secretaria xudicial non aceptou a copia en soporte dixital.

Transcorrido o prazo para que os canteiros se pronunciaran, só unha empresa aceptou a personación en contra da nosa demanda. Trátase de ASTIMADE, empresa cesionaria da parcela da astilladora, que leva unha década sen actividade e que dende o ano 2011 non ten contrato de arrendamento. Pois ben, o escrito de personación desta empresa é asinado pola avogada Patricia Saborido, que é, oh casualidade, esposa do concelleiro Carlos Martínez, nacido en Atios e que nas pasadas eleccións percorreu porta a porta toda a parroquia solicitando o voto. O presidente denuncia públicamente a actitude deste concelleiro, que delata o talante belixerante do goberno do Porriño, sempre en contra das lexítimas reclamacións dos veciños de Atios.

O presidente informa que o xuízo pola reivindicatoria de Budiño foi fixado para o día 13 de novembro ás 9:30, no xulgado nº 1, para quen lle interese asistir.

3) Deslinde. Expón este punto o anterior presidente e actual viceteseoureiro, Juan José Domínguez. Sinala que o deslindamento do monte comunal segue adiante e lévase a cabo en varias fases. Xa se completaron dúas. O próximo ano debera acometerse a terceira fase, que se iniciará onde rematou a anterior, é dicir, na zona da Cascarria. O procedemento é o mesmo en todos os casos. Comeza coa publicación no DOGA do anuncio do inicio do deslinde. Nel dase un prazo determinado aos lindeiros co monte comunal para que presenten a súa documentación. Logo son citados un día concreto para a fase de apeo. Esta consiste en percorrer a pé o límite do monte. A comunidade de montes traza unha liña, sinalada no terreo con estacas de madeira. Se hai acordo mantense, pero se non, os particualres poden trazar outra liña. Será despois o gabinete xurídico da Consellería do Medio rural quen ditamine se o alegante ten razón ou non.

Aínda estamos a espera da resolución do deslinde da primeira fase, dende Penaguda ata o Valiño.

Tralo apeo levántanse uns planos coas liñas de deslinde, planos que estiveron expostos durante case un mes no Centro Social para que a xente os puidese consultar.

O anterior presidente lémbrollle aos presentes que cómpre estar atentos á convocatoria da 3ª fase, que terá lugar en 2015, para que todo aquel que linde co monte comunal teña preparada a documentación dos seus terreos, títulos de propiedade, escrituras, notas de rexistro, etc. Cando sexa solicitada pode presentarse no concello ou no distrito forestal. A xunta de montes admite que se achegue a documentación na fase de apeo, aínda que é mellor presentala oficialmente ante a Consellería no prazo establecido.

4) Vertidos. O presidente informa que xa está totalmente limpo a zona do monte do Rial na que apareceu un enorme vertido de todo tipo de lixo. A comunidade enfrontábase a unha multa de ata seis mil euros trala denuncia formulada pola Policía Autonómica. Tal como se pode ver nas fotografías amosadas, os membros da xunta reitora traballaron arreo durante varias xornadas en semana e fin de semana para recoller todo. Aforrouse así á comunidade tanto os gastos de limpeza como a sanción que ían impoñer.

5) Certificación forestal. De novo toma a palabra o viceteseoureiro para explicar que o monte de Atios acaba de superar a auditoría de certificación forestal PEFC, realizada este verán por unha inspectora dunha consultoría especializada. O monte de Atios conta con tres certificacións forestais: a mencionada PEFC, a FSC e a que outorga a Conselleía do Medio Rural, na parte conveniada.

As certificacións teñen un prazo de cinco anos: a PEFC remata en 2015 e a SFC en 2018, a de Medio Rural está vixente mentres dure o convenio. Periódicamente fanse revisións para comprobar que o monte está coidado, que se respeta o plan de ordenación forestal, que se fai un aproveitamento sostible do recurso e que se leva a cabo unha xestión eficiente. De se cumprir estes requisitos a certificación renovárase. Son moi claras as vantaxes de ter un monte certificado: aumento do prezo da madeira, mellor posición de cara a subvencións, protección ante usos indebidos, etc., etc.

6) Xornadas micolóxicas. Finalmente o presidente informa que se manteñen no calendario anual as Xornadas Micolóxicas, que este ano se celebraron día 24 de outubro, cos nenos do colexio CEIP de Atios, e o día 26 de outubro con todos aqueles veciños que quixeron participar na colleita e posterior degustación dalgunhas especies de cogomelos recollidas. A xornada tivo moi boa aceptación e houbo xente que colaborou e amosouse disposta a repetir. O presidente recoñeceu que puido darse un erro na difusión das xornadas porque foron moi poucos os veciños de Atios que participaron.

E por último o presidente informa que se levou a cabo unha boa labor de desbroce e limpeza en distintas zonas do monte, tanto de produción forestal como de uso recreativo. Para colaborar nestes traballos contratouse de xeito temporal a un veciño de Atios.

5) ALTAS E BAIXAS

Altas:

Nº 0538 María Cristina Saavedra Oya (DNI 76907297N)

Baixas por incumprimento

(non residen en Atios):

Nº 0210 José Rodríguez Otero (DNI 35517709M)

Nº 0409 Ana María Fernández Arias (DNI 76899164K)

Nº 0476 Beatriz Monzón Oya (DNI 76908961C)

Nº 0509 Rafael Quijeiro Barcia (DNI 36091524Q)

Nº 0522 Fernando Campos Castro (DNI 76900196H)
Nº 0414 Francisco Javier Fernández Pérez (DNI 35567019A)
(por renuncia):
Nº 0474 Rosa Ana Pérez Giraldez (DNI 76902869T)

Baixas por defunción.

Nº 0077 Josefa Giráldez Pérez (DNI 35525308Z)
Nº 0352 Manuel Rodríguez Ocampo (DNI 35495890J)

Corrección do exposto na asemblea:

Mantemos como comuneiros a Javier Alonso Rodríguez (nº 0467) por asistir a asemblea e a José Rodríguez Pumares (nº 0498) por estar desplazado temporalmente por motivos laborais.

6) ROGOS E PREGUNTAS

O comuneiro Serafín Dávila sinala que o pleno municipal aprobou hai uns días a cesión de dúas canteiras en Atios e pregunta que vai facer ao respecto a comunidade de montes. O presidente sinala que no seu día a asemblea aprobou a subrogación en todos os contratos de arrendamento que estean en vigor no momento de gañar a propiedade das canteiras. En principio semella positivo que se regularicen as ocupacións das canteiras. En todo caso consultarase cos avogados qué medida cómpre tomar ante esta decisión do concello de O Porriño.

Non habendo máis intervencións o presidente da por concluída a asemblea ordinaria sendo as vinte e dúas horas e vinte e sete (22:27) do oito de novembro do 2014.

De todo cal, eu como secretaria, dou fe.

Vº e prace do Presidente

A secretaria

Asdo. Juan José Pereira Pereira

Asdo. M^a del Carmen Pereira Pereira